

26 Octubre de 2015 - Revista 1044

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

PREMIOS E CONCURSOS / 8

NOVAS DE EMPREGO / 10

EN PORTADA

A Dirección Xeral de Xuventude renova as políticas autonómicas para a mocidade a través da coordinación coa Rede Galega de Información Xuvenil e as corporacións locais

Mercores, 21 Outubro 2015 06:55

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presidiu no día de hoxe os **Encontros territoriais de información xuvenil** celebrados nas cidades de Vigo e Ourense. Estes encontros enmárcanse nas reunións que a Dirección Xeral está a manter cos concelleiros de Xuventude e os profesionais da Rede Galega de información xuvenil co obxectivo de facilitar a participación activa e o intercambio de experiencias entre os diferentes axentes que traballan de xeito directo coa xuventude galega. Este ano celebráranse tres encontros máis nos *Espazos Xoves de Carballo e Pontedeume* así como na *Delegación Territorial de Lugo* que se sumarán aos xa celebrados nos *Espazos Xoves de Curtis e de Noia*, mais os dous de hoxe, que tiveron lugar no *Espazo Xove de Ourense* e na *Delegación Territorial de Vigo*.

Deste xeito, a *Consellería de Política Social*, a través da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, está a renovar as políticas autonómicas para a mocidade. A xestión da *Xunta de Galicia* abarca desde accións baseadas no ocio e no tempo libre ata programas pioneiros en todo o Estado desenvolto nos últimos anos e que se sustentan na utilización da educación non formal como método de adquisición de novas habilidades e competencias.

Rede galega de Información Xuvenil

A **Rede Galega de información xuvenil** está composta por por **248 Oficinas Municipais de Información Xuvenil**, 69 Puntos de Información Xuvenil e 12 Espazos Xoves dependentes da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, emprazadas en *Betanzos, Carballo, Curtis, Noia, Pontedeume, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Tui, Vilagarcía e Ourense*.

Este ano os Encontros xiran en torno a cinco temáticas: o **programa de Garantía xuvenil, Correspondentes xuvenís, Educación non formal, Galeuropa e Iniciativas Xove**.

Por outra banda, hai que sinalar que os profesionais da **Rede Galega de Información Xuvenil** contan co certificado profesional de **Informador Xuvenil**. Neste sentido, Galicia foi pioneira en por en marcha tres procedementos de recoñecemento de competencias profesionais en información xuvenil a través da acreditación das súas competencias, adquiridas pola súa experiencia laboral e/ou pola formación obtida a través da educación non formal.

A Dirección Xeral de Xuventude continúa traballando en prol da mocidade a través do quinto encontro territorial coa rede galega de información xuvenil celebrado en Lugo

Xoves, 22 Outubro 2015 08:05

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presidiu no día de hoxe o quinto **Encontro territorial de información xuvenil** celebrado nas cidade de Lugo. Estes encontros enmárcanse nas reunións que a Dirección Xeral está a manter cos concelleiros de Xuventude e os profesionais da *Rede Galega de información xuvenil* co obxectivo de facilitar a participación activa e o intercambio de experiencias entre os diferentes axentes que traballan de xeito directo coa xuventude galega. Nas vindeiras datas celebráranse dous encontros máis nos *Espazos Xoves de Carballo e Pontedeume* que se sumarán aos xa celebrados nos *Espazos Xoves de Curtis, Noia e Ourense*, na *Delegación Territorial de Vigo* e ao mantido hoxe no albergue xuvenil **'Lug II'**.

Entre outros temas de interese, a directora xeral de Xuventude, animou aos participantes do **Encontro** a implicar os centros educativos dos seus municipios no programa **Correspondentes Xuvenís** que "permite descentralizar a información xuvenil para achegala aos mozos e mozas dun xeito máis directo a través dos seus propios compañeiros".

O **programa Correspondentes Xuvenís 3.0**, posto en marcha en 2013, ten como principal obxectivo difundir a información xuvenil a través de iguais, entre os estudantes dos institutos de secundaria. Os correspondentes reciben semanalmente un boletín informativo elaborado pola *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* con información de interese para a mocidade, que distribúen entre os seus compañeiros a través de diferentes medios.

No pasado curso escolar participaron 362 correspondentes xuvenís, distribuídos entre 75 institutos de Galicia e residencias xuvenís. Ademais do *programa Correspondentes Xuvenís*, os *Encontros* xiran en torno a outras catro temáticas: o **programa de Garantía xuvenil, Educación non formal, Galeuropa e Iniciativas Xove**.

Rede galega de Información Xuvenil

A **Rede Galega de información xuvenil** está composta por por **248 Oficinas Municipais de Información Xuvenil**, 69 Puntos de Información Xuvenil e 12 Espazos Xoves dependentes da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, emprazadas en *Betanzos, Carballo, Curtis, Noia, Pontedeume, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Tui, Vilagarcía e Ourense*.

Por outra banda, hai que sinalar que os profesionais da **Rede Galega de Información Xuvenil** contan co certificado profesional de **Informador Xuvenil**. Neste sentido, Galicia foi pioneira en por en marcha tres procedementos de recoñecemento de competencias profesionais en información xuvenil a través da acreditación das súas competencias, adquiridas pola súa experiencia laboral e/ou pola formación obtida a través da educación non formal.

Un total de 20 rapaces de Boiro participan no programa 'deseñando o teu futuro' que reafirma a aposta da Dirección Xeral de Xuventude pola educación non formal

Luns, 26 Outubro 2015 15:33

- A directora xeral valorou a importancia do programa que "sirve para que os mozos e mozas adquiran coñecementos e habilidades que axudan a completar o seu desenvolvemento persoal e futura formación académica e profesional"
- O proxecto trata de achegar os rapaces galegos ao ámbito sociolaboral que eles mesmos desexen coñecer coa finalidade de que entren en contacto coa realidade das empresas mediante o desenvolvemento de estadias visitas
- 403 mozos participan neste 2015 nas estadias visitas en empresas ao abeiro do programa 'Deseñando o teu futuro'



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou esta mañá na entrega de diplomas acreditativos aos representantes das dez empresas que acolleron aos 20 mozos e mozas participantes no proxecto promovido polo Concello de Boiro no marco do programa 'Deseñando o teu futuro'. Este proxecto da Xunta de Galicia trata de achegar os rapaces galegos ao ámbito sociolaboral que eles mesmos desexen coñecer coa finalidade de que entren en contacto coa realidade das empresas mediante o desenvolvemento de estadias visitas en distintos sectores. Neste encontro participaron asemade o alcalde do Concello de Boiro, Juan José Dieste, e os representantes das empresas colaboradoras.

No transcurso do acto, Cecilia Vázquez sinalou á educación non formal como peza chave das políticas da súa Dirección Xeral e asegurou que "esta experiencia serve para que os mozos e mozas adquiran coñecementos e habilidades que axudan a completar o seu desenvolvemento persoal e futura formación académica e profesional". Nesta liña, a directora xeral asegurou que "a finalidade deste programa é ofrecer á xuventude unha experiencia de educación non formal, para axudalos na toma de decisión do seu futuro perfil profesional, para que coñezan a realidade da empresa previamente a decidir a súa traxectoria formativa profesional". "Fomenta a iniciativa e a responsabilidade que supón calquera posto de traballo, ao tempo que mellora o currículo dos mozos e mozas galegas", abundou.

En detalle, as dez empresas colaboradoras no Concello de Boiro foron Car Music, Deporte Hermida, Librería Nobel, Kekos, Ferretería nº 13, Sheyla Belleza, Abe, Mas que tartas, Peluquería Imagen e Cruz Vermella.

Máis de 400 mozos en 2015. No marco do programa 'Deseñando o teu futuro' fináncianse 17 proxectos presentados por concellos e entidades sen ánimo de lucro, que facilitan que un total de 403 mozos e mozas realicen estadias visitas en empresas ao longo deste 2015.

As estadias visitas en empresas teñen unha duración mínima de cinco días e máxima de quince días hábiles e se establece unha xornada mínima diaria de catro horas. O número máximo de mozos participantes por proxecto non pode exceder de 30.

Os Orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 contemplan 2,2M€ para a mobilidade transnacional dos mozos galegos

Luns, 26 Outubro 2015 15:44

- O conselleiro de Política Social celebra a posición de liderado que ten Galicia "nas clasificacións nacionais de participación en temas de mobilidade e na aprendizaxe a través da educación non formal"
- Subliña estes dous ámbitos -a mobilidade e a educación non formal- como "dous piares básicos da Consellería de Política Social en materia de Xuventude"
- Compromete "todo o noso traballo diario para facer de Galicia un lugar mellor para todos e como non, para os mozos"
- En 2014 foron aprobados na Comunidade Autónoma galega 43 proxectos do programa Erasmus+ cun orzamento total de 920.781 euros e coa participación de 1.506 mozos
- Galicia xestiona o 9,24% do orzamento do Erasmus+ a nivel nacional



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou no día de hoxe nun encontro con 100 mozos e mozas de toda España participantes no **Evento Anual de Servizo Voluntariado Europeo (SVE)**. O titular da carteira social, que cualificou o encontro como unha "magnífica oportunidade", destacou tamén a aposta da Xunta de Galicia por programas de mobilidade que vén referendada nos Orzamentos para 2016 "cun aumento de preto do 2.100% desde 2009 nas axudas a este eido" e que supón un presuposto total para o ano que vén duns 2.2 millóns de euros. Nesta partida inclúese o programa **Galeuropa** e outras axudas para o fomento da mobilidade transnacional dos mozos galegos.

O encontro celebrado en Melide e que tamén contou coa asistencia da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, está organizado polo **Instituto de la Juventud (INJUVE)** do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdade xunto aos organismos de Xuventude das Comunidades Autónomas españolas a través da **Axencia Nacional Española do programa Erasmus+**. O conselleiro valorou a importancia deste programa porque ademais de ofrecer aos rapaces un espazo de encontro onde intercambiar experiencias e propoñer áreas de mellora, "fomenta a mobilidade dentro e fóra da Unión, a aprendizaxe non formal, a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos independentemente do seu contexto social, educativo ou cultural".

Nesta liña, Rey Varela apuntou cara a mobilidade e a educación non formal como "dous piares básicos da Consellería de Política Social en materia de Xuventude". De feito, a directora xeral de Xuventude está a manter varios **Encontros territoriais de información xuvenil** nas principais vilas galegas cos profesionais da Rede Galega de Información Xuvenil e con outros responsables locais nos que a educación non formal é a principal área temática tratada nas xuntanzas.

Deste xeito e grazas ao apoio da Xunta á mobilidade e á educación non formal, o responsable de Política Social celebrou a posición de liderado que ten Galicia "nas clasificacións nacionais de participación en temas de mobilidade e na aprendizaxe a través da educación

non formal". Así fixo fincapé en que en 2014 foron aprobados na Comunidade Autónoma galega 43 proxectos do programa **Erasmus+** cun orzamento total de 920.781 euros e coa participación de 1.506 mozos, e sinalou que Galicia xestiona o 9,24% do orzamento do **Erasmus+**.

Ademais, no marco do **programa Erasmus+**: *Xuventude en Acción*, a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* está a executar o **proxecto Digal**, co obxectivo de apoiar a formación da mocidade galega mediante a realización de prácticas laborais non retribuídas durante 60 días en cinco países europeos. O seu orzamento é de 277.135 € e 56 mozos realizan as súas prácticas en empresas de 5 países: *Italia, Portugal, Irlanda, Francia e República Checa*.

Perante estes datos, Rey Varela afirmou que "Galicia é referente en materia de Xuventude e vaino seguir sendo" ao tempo que comprometeu "todo o noso traballo diario para facer de Galicia un lugar mellor para todos e como non, para os mozos". "Unha Galicia máis nova", concluíu.

Evento Anual de Servizo Voluntariado Europeo

Os arredor de 100 participantes no **Evento Anual de Servizo Voluntario Europeo** percorreron un treito de 2 quilómetros do Camiño de Santiago desde o campamento xuvenil de Furelos ata a vila de Melide. Unha vez alí os rapaces realizaron una actividade de rúa para dar a coñecer o **programa Erasmus+**.

O Evento celebrado en *Melide* está coordinado pola *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* e o *INJUVE* e conta coa colaboración da Rede española de ex voluntarios europeos (REVE) e a **Escola de Tempo Libre Don Bosco**.

Durante os tres días nos que terá lugar o Evento **-do 23 ao 25 de outubro-** realizaranse dous tipos de sesións. Por unha banda, estarán centradas en dinámicas de avaliación baseadas na educación non formal, e por outra, ocuparanse das actividades de dinamización e visibilidade do **programa Erasmus+**, en especial do *Servizo Voluntario Europeo*.

EN PORTADA ▶ NOVAS E ACTIVIDADES

Novos establecementos adheridos o programa Carné Xove

Martes, 20 Outubro 2015 09:00



Dende hoxe pasan a formar parte da oferta de establecementos onde se ofrecen descontos a mocidade posuidora do carné xove, **4 novos establecementos**:

- *Centro Xuvenil "Don Bosco", en Santiago de Compostela*
- *Centro del pié, na Estrada*

- *Escola de tempo libre do Eume, nas Pontes*
- *Peets R Us, en Lugo*

Así, pois, mozos e mozas xa podeades disfrutar nestes establecementos das vantaxes e descontos que vos ofrece o **Carné Xove!**

Lei de Voluntariado

Martes, 20 Outubro 2015 09:34



No **BOE do 15 de outubro de 2015** publícase a **Lei de Voluntariado**.

Con este texto, pretendese mellorar a situación dos voluntarios, dotarlles dunha seguridade xurídica e laboral e facilitarlles o seu labor.

Entre as medidas que impulsa, está a creación dun permiso para que o persoal sanitario participe en proxectos de cooperación e emerxencias sanitarias.

Establece ademais novos ámbitos de voluntariado: social, internacional de cooperación ao desenvolvemento, ambiental, cultural, deportivo, de lecer e tempo libre, comunitario e de protección civil, que é o que xorde por mor dunha emerxencia ou unha catástrofe natural.

A norma, á parte de fixar os dereitos e deberes das persoas voluntarias e dos destinatarios da súa actividade, fixa unhas uns límites para persoas condenadas en delitos contra menores ou contra os dereitos da muller, pois non poderán integrarse en proxectos dirixidos a estes colectivos. Ademais, ampliáanse os supostos de limitación ao tráfico ilegal de persoas e ao terrorismo.

Foro Colaborativo para o Emprego. FOCO 2015

Xoves, 22 Outubro 2015 09:33

O **Foro Colaborativo para o Emprego. FOCO 2015**, integra un amplo programa de actividades como espazo de encontro e para mellora das competencias das persoas asistentes.

O obxectivo do **FOCO 2015** é o de facilitar o coñecemento do mercado laboral, fomentar as sinerxías entre empresas e entidades relacionadas co emprego, así como desenvolver accións de formación e intermediación laboral que favorezan as posibilidades de inserción das persoas desempregadas.

Igualmente o **FOCO 2015** é un espazo para o diálogo e a participación no proceso de construción dun Plano de Emprego para Santiago de Compostela.



Actividades do Foro:

- *Xestión de ofertas de emprego.* Entre o 1 de outubro e o 3 de novembro realizaranse tarefas de intermediación laboral e xestión de ofertas, desenvolvéndose algún dos procesos de selección no propio Foro.

- *Encontros con empresas para a selección de talento.* No Foro realizaranse encontros/entrevistas personalizadas con empresas interesadas en preseleccionar candidatos/as para próximas contratacións.

- *Envío de currículums en formato dixital a ofertas e portais de emprego.* No FOCO haberá unha zona de terminais para que as persoas asistentes poidan enviar online os seus currículums a máis de 40 de empresas.

- *Mesas participativas no marco do Pacto Local polo Emprego.* O programa inclúe 17 mesas temáticas estruturadas en tres grandes áreas: empregabilidade: empresa e economía social; e cidadanía e desenvolvemento. As mesas terán un carácter participativo, contando coa presenza de expertos na materia en cada unha delas.

- *Actividades formativas.* O programa formativo pretende axudar aos participantes a aumentar as súas competencias e cualificacións profesionais e informálos sobre os recursos e as ferramentas máis útiles na busca de emprego.

- *Presentacións e stands de empresas.* Divesas empresas realizarán presentacións e atenderán ás persoas asistentes, contando cunha presenza destacada de empresas situadas no ámbito da economía social e a promoción do emprego.

Datas: 5 e 6 de novembro.

Lugar: Palacio de Congresos de Santiago de Compostela.

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/foco-emplego-2015>

Probas de acceso ás ensinanzas de técnico deportivo en Salvamento e Socorrismo

Xoves, 22 Outubro 2015 10:31

A Consellería de Educación convoca probas de acceso ás ensinanzas de técnico deportivo en **Salvamento e Socorrismo** para o curso 2015/16.

- A inscrición para a realización das ditas probas deberá formalizarse na *Secretaría do IES Antón Losada Diéguez da Estrada* ata o día **12 de novembro**.



- Os aspirantes que deban realizar a proba de madurez por non reuniren os requisitos académicos, deberán facelo constar na epígrafe correspondente do formulario de inscrición. No caso de non superar a dita proba, non serán admitidos na específica.

- A listaxe de admitidos/as ás probas publicarase o **13 de novembro** no taboleiro de anuncios e páxina web do *IES Antón Losada Diéguez*.

- As probas de madurez terán lugar no *IES Antón Losada Diéguez da Estrada* o día **16 de novembro** de 2015 ás 9.00 horas.

- A proba específica realizarase nas instalacións da *Academia Galega de Seguridade Pública da Estrada* o día 18 de novembro ás 9.00 horas.

- A listaxe de aspirantes que superen as probas publicarase o día **18 de novembro** no taboleiro de anuncios e na páxina web do *IES Antón Losada Diéguez*.

O número de **prazas ofertadas** para cursar o ciclo inicial do grao medio de técnico deportivo en **Salvamento e Socorrismo** será de **30**.

Máis información no DOG do 22 de outubro de 2015 e en www.edu.xunta.es/fp

Clube de Conversa en Lingua Inglesa

Luns, 26 Outubro 2015 06:59



Amplíase o prazo de inscrición no **Clube de Conversa en Lingua Inglesa**, ata cubrir as prazas dispoñibles, tanto nos dous grupos de nivel Intermedio como nos dous de nivel Avanzado.

O **xoves día 29 de outubro** empezará a funcionar o grupo **2 de nivel Avanzado** en horario de 18.30 a 19.30.

Os grupos restantes empezarán a funcionar cando reúnan un número mínimo de cinco participantes:

Nivel Intermedio - Grupo 1 - Martes de 17.00 a 18.00 h,

Nivel Intermedio - Grupo 2 - Martes de 18.30 a 19.30 h.

Nivel Avanzado - Grupo 1 - Xoves de 17.00 a 18.00 h.

O **Clube de Conversa en Lingua Inglesa** é unha iniciativa do **Centro Coordinador de Información Xuvenil**, en Santiago de Compostela, dentro do programa **"O Son das Linguas"** cuxo obxectivo é fomentar os espazos informais de conversa en diferentes linguas.

Esta actividade vai dirixida a xente nova con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. Para inscribirse na actual convocatoria é necesario ter coñecementos de inglés a nivel Intermedio ou Avanzado. O centro pon a disposición das persoas interesadas en participar unha sala equipada con ordenador e proxector, así como apoio técnico na organización e dinamización da actividade.

As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición unicamente nun nivel e nun horario determinado marcando a casilla correspondente na solicitude de participación:

Formulario de inscrición

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Rúa Ramón Piñeiro nº 17-19 baixo

Telf. 881 99 76 07 / 06

Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Outono fotográfico: formación

Mercres, 21 Outubro 2015 06:15



Formación dentro do outono fotográfico

OBRADOIRO DE INICIACIÓN A FOTOGRAFÍA DIXITAL:

SANTIAGO DE COMPOSTELA

6, 13, 20 e 27 de novembro; 12h en horario de mañá de 10 a 13 h ou horario de tarde de 17 a 20 h.

Centro Sociocultural de Pontepedriña. Prezo: 35 €

OURENSE

12, 16, 18, 23, 25 de novembro, de 18 a 21 h.

Campus Universitario, Pavillón 1, aula S.1. Prezo: 50 €

RETOQUE FOTOGRÁFICO CON LIGHTROOM

OURENSE

27, 28 e 29 de outubro, de 19 a 22 h.

Campus Universitario, Pavillón 1, aula S.1. Prezo: 35 €

PONTEVEDRA

3, 5 e 10 de novembro, de 18.30 a 21.30 h.

Pazo da Cultura de Pontevedra, Seminario 8. Prezo: 35 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA

8h en horario de fin de semana, **21 e 28 de novembro** de 9 a 14 h.

Centro Sociocultural de Conxo. Prezo: 30 €

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL CREATIVA

PONTEVEDRA

17, 19, 24, 26 de novembro e 1 de decembro, de 18.30 a 21.30 h.

Pazo da Cultura de Pontevedra, Seminario 7. Prezo 45 € (40 para estudantes e desempregadas)

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2, 4, 16 e 18 de decembro, de 17 a 20 h.

Centro Sociocultural de Pontepedriña. Prezo 40 €

RUTAS FOTOGRÁFICAS POLO OUTONO

Dende as **9 da mañán até as 21 h** da tarde. Imprescindible roupa axeitada ás condicións metereolóxicas do Outono.

Día 15: Cañón do Sil e Viñedos de Amandi

Día 22: Ribeira Sacra e viñedos de Belesar

Día 29: Courel de Outono: Ruta da castaña

Prezo: 25 € por cada saída.

Non inclúe transporte, nin comida.

Inscripción: enviar nome completo e número de teléfono ao correo electrónico victor.barro@fotosconletra.com

Teléfono de contacto: 659655734

www.fotosconletra.com | fotosconletra.blogspot.com

CHANTADA

CURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL CON PHOTOSHOP, impartido por Lucía Cereijo Fernández. Nos meses de outubro e novembro, na Casa da Xuventude de Chantada.

MONFORTE DE LEMOS

CURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL - CÁMARAS REFLEX D-SLR, impartido por Jesús R. Montero. Do 15 de outubro ao 26 de novembro. Martes e xoves, de 20:00 a 31:30 h. no Edificio Multiusos do Concello de Monforte de Lemos. Sábados, de 10:00 a 13:00 h., saídas á rúa.

OURENSE

CURSO DE REVELADO E POSITIVADO EN BRANCO E NEGRO

O Cabalo Fosforito

Máis información en www.outonofotografico.com

Cursos Marketing Dixital para mozos desempregados

Venres, 23 Outubro 2015 12:53

O **Programa de Marketing Digital da Escola de Organización Industrial (EOI) e Generation Spain** ofrece 100 prazas para mozas desempregados, en Madrid (50 prazas) e Barcelona (50 prazas).



Terás a oportunidade de participar nun programa a tempo completo, enfocado á integración laboral e deseñado coa colaboración de máis de 100 empresas. Impartido polos mellores profesionais do sector dixital, o **programa de Marketing Digital de EOI-Generation Spain** capacítarache en habilidades técnicas e persoais que aseguren o teu éxito profesional dentro da economía dixital.

Formar parte do **programa EOI-Generation Spain**, implica recibir un apoio constante ata a túa integración no mercado laboral. EOI e Generation Spain dedícanse a dotar ás súas participantes dos coñecementos técnicos e habilidades profesionais e persoais que aseguren o seu éxito no mercado laboral e, en concreto, nun posto de especialista en marketing dixital.

Máis información no INJUVE.

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo

Mercores, 21 Outubro 2015 06:47



A **Escola Rural de Tempo Libre** organiza un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo**.

Lugar: Centro LUG2. Pintor Corredoira, 4. Lugo. www.lugdous.com

Horario: 9:00 a 14:00 - 16:00 a 21:00.

Duración: 200 horas.

Participantes: entre 20 e 25.

Reserva de praza: por rigorosa orde de inscrición. Posibilidade de pagamento en dous prazos.

Aloxamento de balde no **Albergue Xuvenil LUG2 (previa solicitude)**

Datas:

Novembro: 28 e 29.


Decembro: 5,6,12,13,26 e 27.

Xaneiro: 2, 3, 16 e 17.
Febreiro: 13, 14, 20 e 21.
Marzo: 5, 6, 12 e 13.

Máis información na Escola Rural de tempo libre: 982 804 149 (en horario de oficina) ou www.escolaruraldetempolibre.org
escolaruralttempolibre@gmail.com

Curso de Director/a de campos de traballo na cidade de Lugo

Luns, 26 Outubro 2015 12:23



A Escola Rural de Tempo Libre organiza un curso de Director/a de campos de traballo na cidade de Lugo.

Lugar: Centro LUG2-Pintor Corredoira, 4. Lugo. www.lugdous.com

Datas: 12, 19, 20, 26 e 27 de decembro en fins de semana (un dos días adicarémolo á configuración do proxecto personal de director).

Horario: 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00

Duración: 50 horas

Participantes: entre 20 e 25

Reserva de praza: por rigorosa orde de inscrición. Posibilidade de pagamento en dous prazos.


Aloxamento de balde no Albergue Xuvenil LUG2 (previa solicitude)

Máis información na Escola Rural de Tempo Libre 982 804 149 (en horario de oficina) ou www.escolaruraldetempolibre.org
escolaruralttempolibre@gmail.com

Curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre en Pontevedra

Luns, 26 Outubro 2015 12:46

A Escola de Tempo Libre Barlovento organiza un curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre en Pontevedra.



Datas: do 30 de outubro ao 13 de decembro de 2015.

Outubro: 30 e 31

Novembro: 1, 2, 6, 7, 8, 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28 e 29

Decembro: 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12 e 13

Horarios:

Venres de 16:00 a 21:00 horas

Sábado e domingo de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas. Os días festivos 2 de novembro e 7 e 8 de decembro haberá clase de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas. O día 13 de decembro haberá clase de 16:00 a 21:00 horas.

Máis información na Escola de Tempo Libre Barlovento 661 740 007.

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

VII Certamen literario para xoves 'Corazón de la Mancha'

Venres, 23 Outubro 2015 12:33



O Concello de Alcázar de San Juan convoca o VII Certamen Literario para xoves "Corazón de la Mancha" no que poden participar todos os mozos con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos cumpridos.



